

Apresentación

Neste número 14 do Boletín de **EsCULcA**, damos conta de varias actividades desenvolvidas pola nosa asociación en defensa da neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa, das xestións realizadas perante a Dirección Xeral de Benestar para a consecución de un mecanismo que permita abrir os Centros de Menores ao control da sociedade civil, da iminente publicación de un avance do relatório sobre Acceso à Información na Galiza, así como da reunión anual de *Statewatch*.

En **Análises e Relatórios**, presentamos tres textos que tratan doutros tantos dereitos. En “Escravidade Moderna, Servidume Doméstica”, Fernando Martínez Randulfe examina unha sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos favorable a unha emigrante togolesa que demandou o Estado francés por non protexer adecuadamente o seu dereito a non ser submetida a ningún tipo de escravitude; en “Acceso à información e outras normativas”, Tony Bunyan analiza as relacións, conflitos e contradicións das leis de Liberdade de Información e Protección de Datos con outras normativas, desvelando o que as institucións europeas pretenden ocultar-nos e as súas razóns para o faceren. Por último en “O Lobo Artificial”, Guillermo Presa Suárez actualiza a información sobre os centros secretos que os EUA teñen esparxidos por todo o mundo e reflicte sobre a transformación que están a experimentar as nosas sociedades no tocante ao grave asunto da tortura.

En **Documentos** resumimos o excelente relatório que sobre este mesmo tema realizaron *Human Rights Watch*, *Human Rights First* e o *Center for Human Rights and Global Justice of NYU School of Law*, onde se mostra en cifras (*By the numbers* é precisamente o título do documento) a actividade delituosa dos EUA e a impuniade con que actúan os seus funcionarios. Tamén sintetizamos a información publicada por *Freedominfo.org* sobre o estado do dereito de Acceso a Documentos en diferentes lugares do mundo, fixando-nos no exemplar caso da Suecia (país pioneiro, como se sabe, en recoñecer legalmente este dereito).

Na sección de **Noticias**, informamos sobre algúns casos de vulneración de dereitos no noso país (“Rúa Real da Coruña”, “Querela Criminal na Lama”, ou noutros lugares do estado (“Expulsión de testemuñas”). Comentamos a nova lei de Acceso à Información Meio-Ambiental e a proposta española para facer controlos biométricos desde o nacemento. Damos conta tamén das queixas dos EUA por algúns estados da UE non se mostraren dispostos a rebaixar o nivel de existencia na protección de datos que se transferiren a aquel país así como da súa política represiva contra algúns xornalistas que se negan a revelar as súas fontes de información,.

Finalmente en **Biblioteca** comentamos o libro *Access to information litigation in Bulgaria* que ilustra à perfeición como os litixios sobre acceso à información constitúen un elemento non só de transparencia administrativa e prevención da corrupción máis tamén de participación informada nos asuntos públicos, o que é un claro indicador do nivel de democracia de un país.

ACTOS RELIXIOSOS E PODERES PÚBLICOS

O pasado 19 de Xullo, en nome da nosa asociación, o Presidente de EsCULcA, Fernando Martínez Randulfe, dirixiu un escrito ao Sr. Pérez Touriño, instando-o a non participar, en calidade de Presidente da Xunta de Galicia, nos actos relixiosos que anualmente se celebran na Catedral de Compostela con motivo da festividade de Santiago Apóstolo. No escrito, argumentava-se a necesidade de as institucións e os seus representantes respeitaren a neutralidade en materia relixiosa garantida pola Constitución Española.

Como ben sabe V., o Estado español é aconfesional: “Nengunha confesión terá carácter estatal”. A aconfesionalidade implica “un principio de neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa”, principio que veda “calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais”. Deste punto de vista, a neutralidade do Estado obriga-o a prohibirse a si próprio calquer concorrência, xunto dos cidadáns, en calidade de suxeito de actos ou actividades de signo relixioso. Así consta na Constitución e así o declara o Tribunal Constitucional, garante final dos dereitos e liberdades públicas; entre eles o do dereito a liberdade relixiosa e da aconfesionalidade do Estado.

Pois ben, V. foi elexido e nomeado para exercer as funcións que lle atribuen as Leis. Igual dicemos dos outros lexítimos representantes ou titulares dos poderes públicos, mesmo do Xefe do Estado. Non cabe a menor dúbida que todas as potestades e funcións que ten atribuídas pola Constitución, o Estatuto de Autonomía e as Leis son exclusiva e estritamente de carácter civil. Como tamén é certo que son os cidadáns, como tais, e non como crentes/non crentes, os que exercen a súa soberanía votando para a xestión de goberno.

Non hai dúbida tampouco de que facer a Oferenda nun templo relixioso non entra nas obrigas derivadas de garantir a liberdade relixiosa, nen de cooperación coa Igrexa católica e outras confesións.

Posteriormente, o propio día 25, a nosa asociación distribuiu un manifesto en Compostela en que así mesmo se lembrava aos representantes políticos que “todas as potestades e funcións que teñen atribuídas pola Constitución, o Estatuto de Autonomía e as Leis son exclusiva e estritamente de carácter civil...son os cidadás e as cidadás, como tais, e non como crentes/non crentes, quen exerce a súa soberanía votando para a xestión de goberno”.

REUNIÓN CON A DIRECTORA XERAL DE BENESTAR

O pasado 7 de Setembro, Fernando Blanco e Elvira Souto, en representación de EsCULcA, reuniron-se con M^a Xesus Lago, Directora Xeral de Benestar, para estudaren a posibilidade de iniciar os trámites que leven a implementación de un mecanismo de prevención de eventuais abusos nos Centros de Menores de Galiza. O mecanismo, inspirado no organismo previsto no Protocolo Facultativo à Convención contra a Tortura que en breve entrará en vigor, consistiría basicamente na constituición de un comité formado por persoas independentes dos poderes públicos e acreditada capacidade para exercer funcións de control e investigación que garantan unha xestión adecuada destes centros de reclusión.

EsCULcA entregou previamente un proxecto de funcionamento deste mecanismo.

RELATÓRIO SOBRE ACESO À INFORMACIÓN

A finais deste mes de Setembro, a nosa asociación fará públicos os resultados de unha primeira sondaxe sobre a situación que existe en Galiza en relación ao acceso a documentos que emiten e custodian as institucións públicas e algúns organismos privados de participación pública ou financiados con fondos públicos

Trata-se de unha amostra relativamente modesta con a que a EsCULcA pretende dar inicio a un traballo de investigación de maior envergadura que há de permitir-nos coñecer o grao de transparencia real das institucións que xestionan os bens e intereses públicos.

ENCONTRO ANUAL DE STATEWATCH

Os pasados días 23 e 24 de Xuño tivo lugar en Londres o Encontro de redactores de *Statewatch*, que reúne anualmente os colaboradores que este colectivo de monitorización e defensa dos dereitos e liberdades ten en quince países europeos. Héitor López de Casro, en representación de EsCULcA, asistiu ao encontro por convite da organización británica. Alén do debate sobre aspectos de carácter organizativo, o Encontro centrou-se na análise e discusión de cuestións de actualidade, tais como a proposta de Directiva sobre protección de datos en asuntos policiais e xudiciais e o Sistema de Información de Schengen II (SIS II) ou a involución dos dereitos e garantías como consecuencia da *war on terror* emprendida após os atentados de Nova York e Washington de 11 de Setembro de 2001.

ESCRAVITUDE MODERNA, SERVIDUME DOMÉSTICA

Fernando Martínez Randulfe

Os inmigrantes están entre nós. Uns con papéis, outros sen eles. Os problemas e conflitos surxen e multiplícanse. Case que non hai día que os xornais non relaten casos que chaman de “explotación” de inmigrantes irregulares; mesmo hoxe sinalan que en Galiza a maior frecuencia desas situacións dan-se nos sectores da madeira, avicultura e prostitución. Mais hai situacións que se manteñen mais ocultas. E cumpre dar a cada situación o nome que lle corresponde propiamente. Por iso non parece inoportuno relatar o caso da togolesa Siliadin, aínda que a información veña proporcionada por un “meio” tan lonxínquo e desaproveitado como é o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH).

RELATÓRIO DUNHA ESCRAVITUDE SEN “GOSPEL”

A Asemblea Parlamentar do Consello de Europa¹ constataba o seguinte en Xuño do 2001, na súa Recomendación 1523:

1. Hai algúns anos apareceu en Europa unha nova forma de escravitude: a escravitude doméstica. Contaron-se así máis de catro millóns de mulleres vendidas cada ano no mundo.
(...)
5. Constata que sistematicamente se confisca ás vítimas o pasaporte, encontrando-se daquela nunha situación de vulnerabilidade total fronte ao seu empregador –en situación próxima mesmo ao secuestro-e sofren violencias físicas e/ou sexuais.
6. A maior parte das vítimas desta nova forma de escravitude son persoas en situación irregular, contratadas sobretudo por axencias, que peden cartos emprestados para facer a viaxe.
(...)
9. Lamenta que ningún dos Estados membros do Consello de Europa recoñeza expresamente a escravitude doméstica como delito no seu Código Penal.

Mais recentemente aínda, en Xuño 2004, volvía à carga a Asemblea na súa Recomendación 1663:

1. A Asemblea Parlamentar sinala con consternación que a escravitude continua a existir na Europa do século XXI.

Se ben a escravitude foi abolida oficialmente hai 150 anos, quedan en Europa millares de persoas sob escravitude, tratadas como obxectos, humilladas e vítimas de abusos. Os escravos modernos, como os de antano, son obrigados a traballar (vítimas de ameazas psicolóxicas ou físicas) sen nengunha contrapartida económica ou mediante unha mínima remuneración. Son obxecto de coaccións físicas ou ven limitada a súa liberdade de movemento, e son tratados de forma desumana e degradante.

2. Os escravos de hoxe son na súa maioría mulleres que traballan as máis das veces en casas particulares, onde chegan como criadas inmigradas, “au pair” ou como “esposas compradas por correspondencia”. A maior parte delas chegan voluntariamente con esperanza de mellorar... No entanto, cando están traballando (ou casadas con un “marido consumidor”), son vulnerábeis e están isoladas, o que ofrece por veces aos empregadores ou maridos abusivos a oportunidade de as converter en escravas domésticas.
5. O CE debe ter tolerancia cero a respecto da escravitude...

Estas Recomendacións e outros Convénios Internacionais son reproducidas e tidas en conta polo TEDH cando se lle presenta, e ten que resolver, o caso dunha rapaza togolesa, “a Señora Siwa-Akofa Siliadin” (Caso Siliadin contra Franza, sentenza de 26.7.05). Os advogados de Siliadin denuncian que o Estado francés, con o seu comportamento lexislativo e xudicial perante as demandas que apresentou a cidadá togolesa, vulnerou o artigo 4 do Convénio Europeo de Dereitos e Liberdades Públicas, que dispón o seguinte:

1. Ninguén poderá ser submetido a escravitude ou servidume.
2. Ninguén poderá ser coaxido a realizar un traballo forzado ou obrigatorio (...).

Mais cumpre sintetizar os feitos sucedidos e os razóns máis destacados do TEDH, cuidadosamente descritos na sentenza, como corresponde à trascendencia do asunto e a ser a xurisprudencia europea nesta materia escasísima.

1 Non confundir con o Consello Europeo. O Consello de Europa é a organización internacional con sede en Estrasburgo, que consta de 46 países democráticos de Europa asinantes do Convénio Europeo para a protección dos Dereitos Humanos, non sendo algúns deles membros da Unión Europea, p.e. Turquía. A súa misión é promover a democracia, protexer os dereitos humanos e o estado de dereito. O Consello Europeo (reunión regular dos Xefes de Estado ou de Goberno dos 25 membros da Unión Europea (UE), ten como función planificar a política comunitaria. A Asemblea parlamentaria é o órgano deliberante do Consello de Europa, composto por 315 representantes nomeados polos parlamentos nacionais dos Estados membros. Non se trata portanto, do Parlamento Europeo (da UE), composto polos deputados europeos eleixidos por sufraxio universal polos habitantes da UE.

CHEGADA E ESTADIA DE SILIADIN EN PARIS

Siliadin chegou a Paris en Xaneiro de 94, procedente de Togo, à idade de 15 anos e 7 meses. Viña acompañada de unha persoa que acordara con o seu pai que ela traballaría até pagar o billete de avión, mais que se regularizaría a súa situación administrativa e que sería escolarizada.

De feito, Siliadin traballou algúns meses na casa desa persoa, mais despois foi “emprestada” ao matrimonio Barnett. Dos feitos constatados polos tribunais franceses desprende-se que na casa deste matrimonio traballou durante varios anos unhas 15 horas diárias sen descanso, sen día libre ou feriado, sen ser nunca paga, sen ter sido escolarizada, sen dispor dos seus documentos de identidade (confiscaran-lle o pasaporte), e sen que fose regularizada a súa situación administrativa. Aloxava-se na casa do matrimonio e dormía no cuarto dos fillos (catro nenos), dos que cuidava. Tamén atendía a cociña. Deixavan-na ir a misa e facer algunha chamada.

En Decembro de 95 logrou fuxir, apoiada por unha cidadá haitiana, à que serviu 6 meses, e que lle pagava 2.500 Fr. mensais.

Mais despois, obedecendo o tío paterno que estaba en contacto con o matrimonio Barnett, Siwa-Akofa Siliadin regresou a casa destes e ali continuou na mesma situación.

Finalmente, confiouse a unha viciña, quen alertou o Comité contra a escravitude moderna e este deu conta do caso à Fiscalía. O 28 de Xullo do 98 a policía interveu no domicilio do matrimonio.

OS PROCESOS DE SILIADIN NA FRANZA

O esposos Barnett foron acusados nos tribunais franceses de incorrer nos delitos seguintes (CP):

Art. 225-13. O feito de *obter* dunha persoa, *abusando* da súa vulnerabilidade ou da súa situación de dependencia, servizos non retribuídos ou en troca de unha retribución sen relación manifesta con a importancia do traballo realizado, sancionará-se con 2 anos de prisión e 500.000 Fr de multa.

Art. 225-14. O feito de *submeter* unha persoa, *abusando* da súa vulnerabilidade ou da súa situación de dependencia, a condicións laborais ou de afastamento incompatibles con a dignidade humana, sancionará-se con 2 anos de prisión e 50.000 Fr de multa.

O itinerario polos tribunais franceses, descrito polo miúdo na sentenza que relatamos, foi un auténtico calvario para Siliadin. Vexamos.

Primeiro *round*. Na primeira instancia os esposos foron condenados: 12 meses de prisión a cada un dos cónxuxes, 100 Fr de multa e prohibición durante 3 anos dos dereitos cívicos, civís e de familia (sic). Só polo delito previsto no Art. 225-13 (non polo 225-14).

Segundo *round*. Os condenados formalizaron o recurso correspondente. E resultaron absoltos de todos os cargos. Convén salientar os datos en que se baseou a absolución para despois podermos os contrastar con a valoración do Tribunal Europeo. Que a criada tiña certa autonomía, pois levava e recollía os nenos na escola e no centro deportivo, que facía recados, que ía a misa na igrexa cercana e que os acompañava cando eles ían à casa de campo con os nenos. Aliás, pudera contactar telefónicamente con o tío e con o pai e nunca se queixara. Canto à retribución, a señora Barnett xa dixerá à rapaza que cada mes ela mesma ía gardando un pecúlio para llo entregar cando a criada marchase da casa. Concluí a resolución que non se constata submetimento a condicións laborais ou de afastamento incompatibles con a dignidade humana.

Terceiro *round*. Quen recorre agora é Siliadin. E sentenciado definitivamente no ámbito da xurisdicción nacional francesa, o Tribunal resolve:

1. Decidiron ben os xuíces de primeira instancia cando dixeron que se daban os elementos constitutivos do delito reprimido polo art. 225-13. As condicións en que regresou a casa do matrimonio, despois de se ter ausentado algúns meses (nos que serviu en casa da cidadá haitiana), lonxe de demostrar a alegría que sentía de voltar con eles, son pola contra reveladoras das presións que sofria por parte da súa familia e do estado de resignación e de ruína en que se encontrava. Confirma a pena.
2. Mais non se dá delito de submetimento (225-14). Por qué? Pois porque o feito de ocupar-se das tarefas domésticas e dos nenos todo o día non constitui de se condicións laborais incompatibles con a dignidade humana, “xa que esta é a sorte de moitas nais de familia” (sic!) e por outra parte, non hai probas de humillacións ou vexacións. Ora, como o Sr. Barnett tiña un nivel intelectual e cultural que lle permitía apreciar plenamente a ilicitude do seu comportamento, e os cónxuxes causaron un trauma psicológico importante à moza, teñen que indenizá-la con 15.245 Euros.

Pois ben, esta dobre condena é a que os representantes de Siliadin consideraron insuficiente protección das autoridades francesas, tendo en conta as esixencias do art. 4 do Convénio Europeo e tratados e convencións internacionais sobre escravitude e servidume. Daí que acudan ao Tribunal Europeo, que lles dará a razón.

UN PAU A FRANZA

Declaracións (as mais importantes) do Tribunal Europeo:

1. O artigo 4 do Convénio Europeo consagra un dos valores fundamentais das sociedades democráticas. O arti-

go non permite excepción algunha. Tampouco o art. 15 deste Convénio permite excepcións à práctica da escravitude ou servidume nen sequer en caso de guerra ou de calquer outro perigo público que ameace a vida da nación.

2. Nesta matéria (escravitude e servidume, traballo forzado), e tanto máis en relación con menores ou con persoas en situación de vulnerabilidade, os Estados membros teñen obrigas “positivas” ou “activas” indeclinábeis: adoptaren medidas administrativas, lexislativas e de toda orde; todas cantas foren factíbeis e necesarias para erradicar a práctica prohibida. De non as cumprir, de non as aplicar eficazmente aos infratores ou de non protexer devidamente as vítimas, o Estado membro non cumpre con o art. 4 do Convénio. Esas medidas están sinaladas nos Convénios e tratados internacionais sobre escravitude, servidume e traballo forzado.

3. O Tribunal estima que, conforme às normas e tendencias contemporáneas na matéria, procede considerar que as obrigas que recaen nos Estados polo artigo 4 do Convénio, esixen a tipificación expresa como delito e a represión efectiva de todo acto tendente a manter unha persoa neste tipo de situación, sendo insuficiente protexé-las só civilmente (multas ou indenizacións). E sinala que a Recomendación 1523/2001 xa “lamentou” que nengun dos Estados membros tivese recoñecida expresamente a escravitude/servidume moderna no seu Código Penal.

É importante, di, non perdermos de vista nen os caracteres particulares do CEDH, nen o feito de este ser un instrumento vivo a interpretar à luz das condicións de vida actuais, e que o nivel crecente de esixencia en matéria de protección dos dereitos humanos e das liberdades públicas implica, paralela e inevitavelmente, maior firmeza na apreciación dos ataques aos valores fundamentais das sociedades democráticas.

4. De entrada, segundo o Convénio do ano 1927, o termo “escravitude” é o estado ou condición dun individuo sobre o que se exercen os atributos do dereito de propiedade, ou algun deles. Esta definición responde ao sentido “clásico”, tal como foi practicada durante séculos. Pola súa parte, a noción de “servidume” proibe unha forma de negación da liberdade, particularmente grave. Engloba, ademais da obriga de proporcionar a outra persoa certos servizos...a obriga para o “servo” de vivir na propiedade doutra persoa e a imposibilidade de mudar de condición. Tal como a entende o noso Convénio, considera-se que consiste na obriga de prestar servizos baixo o império da coacción e deve vencellar-se (ou equiparar-se) à noción de *escravitude* que a precedeu (a clásica).

5. As normas francesas examinadas son demasiado laxas e confusas, ao punto que deron lugar a pronunciamentos contraditórios dos xuíces franceses que as

veñen aplicando. Ademais, esixen para a represión que concorra un “abuso” na conduta, cando isto dilui o mandato do artigo 4 do Convénio.

6. Canto a Siliadin, é certo que o matrimonio non exerceu sobre ela auténtico ou estrito dereito de propiedade, non foi reducida à condición de “obxecto”. Mais foi mantida, menor de idade na época dos feitos, no estado de servidume que proibe o artigo 4. Razón: “Foi obrigada a realizar un traballo forzado, efectuado 7 días à semana e unhas 15 horas cada día. Foi levada a Franza por un coñecido do seu pai, e non elixeu traballar na casa do matrimonio Barnett. Menor de idade, vulnerábel e soa, sen medio de vida fora da casa do citado matrimonio, onde compartía cuarto con os nenos sen lle ter sido proposta outra forma de aloxamento. Estava totalmente a mercé do matrimonio, pois os papéis foran lle confiscados polos empregadores e, aínda que prometeran legalizar a súa situación, iso nunca se fixo. Ademais, Siwa-Akofa Siliadin temia ser detida pola policía, non autorizada a saír mais que para acompañar os nenos. Non dispuña pois de nengunha liberdade de movemento nen de tempo libre. Ao non ser escolarizada, como se lle prometera, Saliadin non podía esperar que a súa situación evolúise e era totalmente dependente do matrimonio”.

7. Resulta “*sorprendente a insignificancia das penas* en que incorreron (no caso de Siliadin) os culpábeis destes delitos, o que leva o Tribunal a preguntar-se sobre as prioridades do sistema represivo francés”

8. Así pois, remata o Tribunal Europeo, a lexislación francesa non asegurou a Sliadin unha protección concreta e efectiva contra os feitos de que foi vítima. Houvo, en consecuencia, violación das obrigas positivas que corresponden ao Estado francés por forza do art. 4 do Convénio.

(*) A sentenza pode ver-se na páxina web do TEDH. Xeralmente, traducen-se con moito atraso para portugués e castellano



Xaquín Marín

Tony Bunyan

Vou falar sobre Liberdade de Información e Protección de Datos, e as relacións, conflitos e contradicións con outras normativas, mais antes direi dúas palabras sobre a situación actual das liberdades públicas na Unión Europea porque é nese contexto que se inscribe o noso traballo nestes dous campos concretos.

CONTEXTO XERAL

En primeiro lugar, sinalarei que parece haber algun malentendido no que di respecto às actitudes de Europa a propósito da guerra contra o eixo do mal –Iraque, Irán, Síria, etc.- e a guerra contra o terrorismo, que é cousa ben distinta. No que toca à primeira, entre a UE e os EUA existen sen dúbida diferenzas notábeis, mais non así no que se refere a segunda. Neste caso as diferenzas son poucas, ou nengunha. Poden ser diferentes os prazos, as prioridades ou a linguaxe. Pouco máis.

De feito existe un eixo –o que nós chamamos o eixo UE/EUA- grazas ao cal Estados Unidos pode participar nos grupos de traballo do Consello de Europa, ter reunións con a Presidencia e até, vista a súa influencia sobre a política da Unión, actuar na práctica como o seu membro número 26.

Por iso, cando se fala da ideoloxía da Guerra contra o Terrorismo, parece-me interesante facer algunhas precisións e subliñar as diferenzas que existen entre esta e o período da Guerra Fría, etapa durante a cal existía a ameaza, debido a posibilidade de unha guerra nuclear, de a nosa forma de vida e as nosas democracias viren a ser destruídas. Eu vivín aquela época e a ameaza era real. Mais nesta Guerra contra o Terrorismo, por moi terrível que este poda ser, por moitas mortes horríveis que poda causar, as nosas democracias e a nosa forma de vida non están en perigo. O que en realidade pon en perigo a nosa democracia é a forma como os gobernos reaccionan perante o terrorismo. Parece-me que hai un abismo entre a maneira de entenderen o problema os gobernos e a sociedade civil. Vemos a mesma realidade mais chegamos a conclusións opostas canto aos problemas e as súas posibles solucións.

Na UE vigora a idea de que todas as persoas compartillamos os mesmos valores e que todas as medidas que se tomaron desde o 11- S conducen a un perfecto equilibrio entre seguranza e liberdades públicas. Ou, como dixo o Sr. Solana: “A nosa forma de vida non mudou.”

Pois teño que dicir que, no que se atinxe ao ámbito do noso traballo –Xustiza e Interior-, eu *non* estou dacordo con o que aconteceu despois do 11-S. E hai millóns de persoas que non o están. Discrepamos. O Sr. Solana, o Sr. Blair, o Sr. Grittini afirman que a nosa forma de vida non mudou. Mais a forma de vida de quen? A forma de vida dos brancos occidentais? Porque certamente, a forma de vida do meu grupo –refuxiados e solicitantes de asilo- mudou radicalmente desde o 11-S, como mudaron tamén as actitudes cara a eles.

Vou citar dous exemplos rápidos. Un é a fotografía que publicamos hai un par de anos onde se ve unha persoa tomando baño nunha praia española e –na mesma praia a pouca distancia- o cadáver de un refuxiado. Noutra fotografía, tamén publicada por nós, ven-se varias persoas xogando encanto os servizos de protección civil retiran da praia os cadáveres de dous refuxiados. E isto desvela, non a actitude dos españois, senón algunhas actitudes moi estendidas a respecto das persoas migrantes.

Vou dar agora un exemplo relacionado con o acceso a documentos. A UE leva moitos anos devolvendo persoas aos países de procedencia ou aos países que eles consideran de procedencia. Agora organizan vós conxuntos para trasladar xente a África. Contan-se por millares as persoas que se devolven, moitas veces através da OIM (Organización Internacional de Migración). Pois vou vos dicir unha cousa: non existe un único relatório na Unión Europea que nos diga onde están esas persoas que foron repatriadas nen en que condicións viven –nen un único documento en toda a Unión Europea. E estes son os valores que din que eu comparto. Mentira.

E aquí podemos establecer algunhas relacións. Cando vimos o que aconteceu despois do 11-M –as horrendas bombas no tren de Madrid- analizamos 57 medidas que teoricamente procuraban erradicar o terrorismo. Examinamo-las unha a unha e chegamos à conclusión de que apenas 27 destas 57 medidas teñen algunha relación con o fenómeno. O resto pouco ou nada. Antes existía unha definición clara do concepto de terrorismo, mais agora ese concepto converteu-se nun *continuum*. Chama-se terrorismo ao crime organizado, à lavaxe de diñeiro, aos delitos graves, ou sexa a todos os *crimes*. E así o termo terrorismo contamina o día a día da política de seguranza Europea.

Hai un documento da UE en que se afirma: “Temos que controlar todas as chamadas telefónicas através de móveis porque os terroristas utilizan tele-móveis”. Signifi-

2 Transcripción da conferencia de Tony Bunyan (Director de Statewatch) na 4ª Conferencia Internacional de Comisionados da Información celebrada en Manchester en Maio de 2006.

ca iso que todas as persoas que utilizan este meio de comunicación son terroristas potenciais? A lóxica que subxaz a idea de que o combate contra o terrorismo xustifica calquer cousa é un perigo real.

Sabemos que nestes momentos na UE están en discusión unha série de medidas que inclúen, non só a troca con os EUA dos nomes de pasaxeiros que viaxen a ese país, senón tamén o propio sistema da UE para controlar o historial completo de *todas* as persoas que viaxan para ou desde a Unión Europea. Isto significa control de viaxes, retención obrigatoria de información sobre todas as chamadas telefónicas, vistos, permisos de residencia, pasaportes e permisos de conducir biométricos. Despois chegará a cartilla de sanidade con o historial médico completo. Camiñamos para un mundo en que afinal teremos un único documento onde estará codificada toda a nosa vida. Ben sei que vós coñecedes esta situación, mais creo que a maioría das persoas da UE non saben que de aquí a un ano, cando queiran renovar o pasaporte terán que presentar-se obrigatoriamente nun centro de rexisto para seren entrevistadas durante un cuarto de hora con o fin de provaren quen son. Estarán obrigadas a permitir que rexisten as súas impresións dixitais e, nalguns países, as súas imaxes faciais. Parece-me que hai muita xente que ignora isto.

E non esquezamos o *continuum*. Quen queira parar os pés ao terrorismo, e eu non poño obxección algunha a iso, ten que saber como se há de facer. O que en realidade se precisa, como xa foi dito, é intelixencia, intelixencia, intelixencia. Así é como poderemos lle pór freo. Esta é unha tarefa dos servizos de Seguranza e Intelixencia. Iso sabe-o toda a xente que traballa nese ámbito. A intelixencia é o mais importante e leva anos organizá-la, treinar as persoas, infiltrarse e descubrir o que se prepara. Así é como se acaba con o terrorismo. É imposible acabar con el pondo sob vixilância a vida cotidiana de toda a xente da UE. Este é, a grandes trazos, o contexto.

ACESO A DOCUMENTOS

Falarei agora do traballo que facemos desde hai anos para acceder a documentos da UE e resumirei brevemente os problemas con que aínda hoxe deparamos.

Problemas hai tanto no Parlamento Europeo, que non publica relatórios anuais adecuados para localizar os documentos, como na Comisión, que apesar da obrigaçión legal tamén carece dun rexisto útil. Ora, as maiores dificultades encontramos-los no Consello, o órgano con moito mais poderoso da Unión Europea, o seu Goberno.

Que asuntos se ocultan con maior celo? Pois, para comezar, as resolucións das cimeiras dos 25 Primeiros Ministros.

O Programa da Haia, por exemplo, que establece o principio de disponibilidad dos datos de todas as Axencias de cumprimento da lei da UE e de case todo o mundo, foi adoptado o 5 de Novembro de 2004. Foi discutido nos parlamentos dos estados membros? No parlamento europeo? Foi dado a coñecer publicamente de maneira que a sociedade civil pudesese coñecé-lo, participar no debate, dar a súa opinión? Non. O Programa foi deseñado por funcionarios governamentais e adoptado por asentimento –literalmente– dos primeiros ministros (pois tiñan mais que facer), e así ficou establecida a axenda de toda a UE. Non só a do Consello, tamén a do Parlamento e dos grupos de traballo. Non coñezo nengunha forma de xestión mais antidemocrática.

A UE é un dos organismos mais antidemocráticos que coñecin en toda a miña vida. Se dermos unha vista de ollos aos centos de medidas adoptadas, medidas a que tamén teñen que aderir os estados que se incorporan mais tarde, veremos que nengunha foi co-decida polo Parlamento Europeo nen os parlamentos dos Estados membros.

Mais non só. Tamén está o famoso “espazo para pensar”. Recusan-nos a entrega de algúns documentos porque o asunto de que tratan está en fase de discusión. Vou explicar por qué isto é tan importante.

Nunha democracia, é mui importante que o parlamento e a sociedade civil, o povo, saiba que asuntos están sobre a mesa, que decisións se tomaron e que debates se produciron antes de se tomaren esas decisións. Mais a nós contestan-nos sistematicamente que non é posible acceder aos documentos até as medidas teren sido adoptadas. Isto non é propio dunha democracia. Os parlamentos e a sociedade civil teñen que poder participar e influir no debate e só despois teremos de aceptar a decisión tomada. Mais acontece xusto o contrario: dan-nos os documentos cando o debate acabou. É democrático isto?

A maiores aínda está o problema de terceiros países, nomeadamente os EUA. Cando solicitamos acceder aos documentos das reunións UA – EUA a resposta é sempre, ou case sempre, negativa. Non demorarei neste punto mais teño que dicir que nas Regulacións foi establecido –con moito espallafato– o principio do “interese público”, o que significa que, de negar-se-nos o documento, podemos reclamar alegando que se trata de un asunto de interese público porque se nel se propoñen, por exemplo, medidas para controlar todas as nosas comunicacións telefónicas e electrónicas, parece lóxico que iso nos interese e teñamos dereito a saber en que consiste a proposta, total ou parcialmente.

Pois sabedes unha cousa? Nunca conseguimos que prosperase nengunha alegación contra o Consello e a Comisión argumentando interese público. O concepto de

interese público non funciona para o acceso a documentos na UE, non funciona en absoluto. Para eles, no 100% dos casos, o interese público consiste en gardar o segredo. Un disparate.

LIBERDADE DE INFORMACIÓN E PROTECCIÓN DE DADOS

Vou falar agora de Liberdade de Información e Acceso a Documentos en relación con a Protección de Datos.

Comecemos por ese encantador principio da dispoñibilidade. Poden co-existir Protección de Datos e Principio de Disponibilidade? A resposta é: claro que non! Mais nós temos ambos porque o Programa da Haia así o di. De onde partiu a idea? Como chegou ao Programa da Haia? Pois chegou en 2004 porque o asunto xa fora discutido no G8. Do G8 pasou à Presidencia da UE e de ali ao Programa da Haia. Ese foi o percurso, podemos seguir-lle a pista, podemos documentá-lo. Trouxen os documentos, entre eles a acta da reunión do 11 de Maio de 2006, que por suposto nós non deberíamos ter, fruto da troika ministerial UE/EUA de 3 de Maio de 2006. Nos documentos len-se cousas como estas: “é preocupante que algunhas normas novas, por exemplo o Artigo 15 sobre transferencia de datos a terceiros países, na medida en que avancemos no terceiro pilar de Protección de Datos, poda debilitar a cooperación actual nos aspectos xa acordados” (Ponto 6).

Por outras palabras, os EUA opoñen-se ao que di o Artigo 15. Esta é a terceira referencia que encontrei ao asunto nos diferentes documentos. Supón-se que nós non sabemos que os EUA non gustan do Artigo 15, sobre transferencia de datos a terceiros países, porque o documento é secreto. Tamén sabemos por outros documentos que os EUA presionan para poder accederen ao SIS, ao SIS2 e ao sistema informático dos vistos. Cando tivermos a base de impresións dixitais tamén queren acceder a ela. Sabemos todo isto mais non deberíamos sabé-lo porque está en documentos que non son públicos. E eu creo que temos dereito a saber o que hai neses documentos.

Neste documento tamén se di algo sobre os pasaportes para os EUA: “Os EUA expresaron a súa satisfacción por se ter avanzado tanto e convidaron a UE a valorar como haverá que organizar o acceso para verificación à base europea de pasaportes”. Por outras palabras, os EUA solicitan acceso às bases de datos da UE ou dos estados membros para controlar todas as persoas que viaxen ao seu país. Vai conceder ese acceso a UE? Vai llo conceder sen debate? Non o sei.

TRANSFERENCIA DE DADOS

Agora quereda pasar a un asunto importante como é esta idea de transferir datos a terceiros estados. Cando

se chegou aos primeiros acordos, lembro termos analizado o caso de Noruega. Estudamos o relatório da UE sobre a lexislación norueguesa e enviámolo a un noso amigo daquel país. Contestou que se trataba de unha boa exposición teórica da lei, mais que se omitía calquer referencia á forma como a lei funciona na práctica. Todos os relatórios sobre a troca de datos entre a Europol e terceiros estados están baseados nunha análise teórica, constitucional e legalista da normativa. Nengun deles incluí problemas legais detallados, controversias, escándalos ou outras circunstancias. É un completo disparate.

Fixemo-nos agora nunha auténtica xoia. O famoso convenio de Cooperación Europol/EUA aprobado o 6 de Decembro de 2001 e ampliado o 20 de Decembro de 2002, a raíz dos atentados do 11-S.

E aquí teño que facer referencia a unha información mui intrigante e algo vella. Data do 17 de Xullo de 2005, ou sexa de hai 10 meses. Aínda é secreta. Trata-se da avaliación conxunta do Acordo de Cooperación da Europol con os EUA. Que di este documento? Non é un documento clasificado, mais é secreto porque non está accesíbel. Que encontramos nel? Pois que nos EUA “as competencias foron atribuídas a unha grande variedade de Axencias de ámbito federal, estatal e local”. Aliás, o intercambio de datos, que debería canalizarse através da Europol, en moitos casos se fai directamente por sete dos estados membros: Bélxica, Franza, Alemaña, Italia, España, Holanda e o Reino Unido. Outros tantos chegan através do Adido que os EUA teñen na UE. Apenas unha pequena percentaxe de intercambios é canalizada realmente através dese, polo visto, tan importante e necesario acordo da Europol.

Mais os EUA non solicitan os servizos da Europol porque preferen os canais bilaterais ben establecidos de antigo. E o peor de todo é que, apesar de tratar-se de un relatório conxunto, como os EUA non centralizan a información sobre o transferencia de datos dos estados membros da UE, non hai, nen parece que importe, cifras concretas. Non é posíbel portanto garantir a Protección de Datos, supostamente contemplada no Acordo e outros acordos aínda non implementados, pois todos sabemos que nos EUA existe unha profusión de Axencias tal que é imposible saber se unha determinada información foi transferida e quen a utiliza, e este é o primeiro obstáculo con que deparamos para saber o que en realidade acontece.

O PRINCIPIO DA DISPONIBILIDADE

O terceiro documento que teño aquí está relacionado con o principio de dispoñibilidade. É mui interesante porque o documento *aparece* no rexisto. Mais, curiosamente, apesar de ter nove páxinas, o público só pode acceder às catro primeiras. No entanto, eu teño un

exemplar do documento completo, así que podemos ver o que suprimen.

En realidade recorren ao Tratado de Prüm como punto de referencia. O Tratado, e a cousa ten graza para os que non son da UE, foi preparado por un pequeno grupo de estados (Alemaña, Franza, España e outros) que decidiron organizar o seu propio conselliño, adoptar o seu propio tratadiño. Todo isto non tivo lugar no interior da UE mais o grupo de traballo do Grande Consello determinou a súa política de acordo con este Tratado, que aínda non foi adoptado nen aprobado, e cuxa discusión tivo lugar fora das estruturas da UE!

E que é o que discuten e o que ocultan? Por suposto o asunto do ADN, das impresións dixitais, dos medios de rexisto das bases de datos. Di cousas moi interesantes. En relación ás bases de datos do ADN di: “Isto implicará loxicamente que todos os estados membros establezan bases de datos de ADN para a investigación de delitos”. Repare-se que di “delitos” non “delitos graves”, senón *todos* os delitos. E di tamén que os estados membros “estabelecerán sistemas automatizados de identificación de impresións dixitais se aínda non os teñen”.

As cifras do ADN son moi interesantes: Austria 0,98% da poboación, Suíza 0,83%, Alemaña 0,4%, Reino Unido 5,24, cifras minúsculas si, mais o caso do Reino Unido é moi interesante porque teoricamente nós non conservámos todos os rexistos de ADN. Mesmo no caso de a persoa sospeitosa afinal non vir a ser imputada, o seu ADN fica rexistado para sempre. Ou sexa, que unha persoa é arrestada como sospeitosa, interrogada e despois non imputada e no entanto o seu ADN será arquivado para o resto da súa vida. Esa persoa pode tamén ser xulgada e absolvida e aínda así o ADN conserva-se. Ora, parece óbvio que o resto de estados da UE non actua así. Podería dicir que, neste sentido, o Reino Unido é líder.

É moi interesante, e xa foi apuntado por outras persoas, que no primeiro acordo alcanzado pola Comisión sobre Protección de Datos en política policial e xudicial, que deixa as persoas emigrantes e solicitantes de asilo sob a lei de 1995, apareceu agora unha pequena nota de rodapé, no apartado de Servizo Legal da Comisión, que di “Nada disto deve restrinxir ou prohibir o principio de dispoñibilidade”. Por outras palabras, nada do que establece a Directiva deve prohibir a dispoñibilidade. Repete-se unha e outra vez. Agora está xa na versión oficial. E cando leo cousas como a prohibición de gardar información sobre opinións raciais ou orixe étnica sintome un bocado céptico porque o Reino Unido, por exemplo, nunca aceptou as salvaguardas da Convención do Consello de Europa.

Isto é o que realmente me preocupa. “Autorízase calquer cousa con tal que sexa legal”. Mais que acontece se as leis que son pésimas, autoritarias? Que pasa se

unha persoa é arrestada, se se lle rexista o ADN e despois non é imputada? Que pasa se a unha persoa lle aplican unha sanción por conduta antisocial, às veces moi adecuadas mais outras perfectamente estúpidas? Que pasa se unha persoa está baixo orde de control como está moita xente agora? Este é o problema. Agora é legal, hai 10 ou 15 anos non o sería e nen podíamos imaxinar que isto chegase a acontecer.

TEMPOS NOVOS

Muitas das leis aprovadas na UE (pasaportes biométricos, rexisto de ADN, control de pasaxeiros, retención de datos, ...) non terían pasado durante a Guerra Fria porque era precisamente por medidas dese tipo que se acusava a Unión Soviética de conculcar os Dereitos Humanos. E agora están aquí, agora isto acontece aquí. Penso que vivemos tempos moi difíceis.

O acceso a documentos é un meio para alcanzar un fin. É importante lutar para conseguí-los, mas unha vez que o conseguimos temos que ser capaces de usá-los, de explicar a súa importancia a xente, de explicar os perigos que revelan.

A Protección de Datos é tamén apenas unha parte do cadro. A Protección de Datos non forma por si mesma todo o conxunto de liberdades públicas. É unha das súas dimensións. Outras dimensións residen na forma en que eses datos son transferidos, en como somos tratados. Que pasa cando unha persoa é arrestada na rua, na súa casa? como a tratan en comisaría? pode comunicar de inmediato con un advogado? facilita-se-lle un tradutor? Aí é que reside a forza das liberdades das que a protección de datos é apenas unha parte. Precisamos unha lexislación que inclua a Liberdade de Información, o Acceso a Documentos. Non precisamos outra axencia de dereitos fundamentais para a UE, o que precisamos é comprobar –e resulta realmente extraordinario- que a UE cre sinceramente na Convención Europea de Dereitos Humanos que está seriamente comprometida con ela. Cantos dos 25 estados membros da UE teñen Comisións de Dereitos Humanos? Cinco. Por qué non hai en cada estado membro unha Comisión organizada de acordo con os Principios de París, ou sexa, independente dos poderes públicos e dotada adecuadamente?

Hai mais preguntas. O que quero dicir é que os asuntos que deven preocupar-nos son parte de unha axenda democrática mais ampla e se decidimos facer frente a esta deriva autoritaria que se acelera día a día, é preciso que as persoas que estamos aquí e a sociedade en xeral, os nosos aliados no parlamento, traballemos xuntos para modificar o rumbo.

Mui agradecido.

Guillermo Presa Suárez

Cando a xornalista Dana Priest informava o 2 de Novembro de 2005 no Washington Post da existencia de prisións secretas dos EEUU en, polo menos, oito estados do mundo, incluíndo algúns europeos, e da conivencia da Comunidade Europea no transporte ilegal de detidos, non estaba máis que a facer o recoñecemento explícito na prensa oficial de algo que xa era imposible ocultar.

PRISIONS USA

Segundo a axencia de noticias AP (16/11/05), desde Outubro de 2001 até esa data EEUU detivera 83.000 estranxeiros, destes detidos uns 1.100 foron enviados a Guantánamo (www.cageprisoners.com). Por outra parte, no relatório chinés sobre o estado dos dereitos fundamentais nos EEUU, publicado por Chinanews (www.xinhuanet.com) o 18 de Abril de 2006, calcula-se que na actualidade os EUA teñen nas súas mans unhas 14.500 persoas estranxeiras.

Ademais dos campos de prisioneiros e cárceres oficiais no Iraq, Afganistán e Guantánamo, EEUU mantivo ou mantén centros de detención secretos en varios países do mundo, aínda non identificados con certeza absoluta. Segundo o *Washington Post*, estes centros estarían localizados en Tailandia, Afganistán (campo Salt Pit - Mina de Sal- situado nunha vella fábrica de tixolos nas aforas de Cabul), Guantánamo (Campo X -non confundir con o Campo Delta, que é o oficial-), así como en “democracias do leste de Europa” sen especificar. Democracias que a organización *Human Rights Watch* identifica como Roménia -país que ten previsto ingresar na U.E. no 2007- e Polonia, membro da U.E. e destacado aliado dos EEUU.

Pola súa parte, o Ministro do Interior da República Checa, Frantisek Bublan, manifestou ao diário electrónico *Aktualne.cz* que o seu goberno rexeitara a proposta de EEUU de instalar un centro de detención en territorio checo, proposta feita tamén a outros países da Europa oriental e que, segundo fontes cercanas aos servizos secretos de Chéquia, tería sido aceptada, polo menos parcialmente (*Ziua* [O día] de 02/11/05).

Posteriormente, o 02/01/06, o diário suízo *Sonntags Blick* informou do contido dun fax remitido pola embaixada exípcia de Londres ao Ministerio do Interior do seu país. Neste fax, a que o xornal pudo acceder despois de ter sido interceptado polos servizos secretos suízos, cítanse varios países que terían aceptado a proposta estado-unidense, entre eles Ucraína, Kosovo, Macedonia e Bulgaria.

Mais non só. EEUU mantén tamén prisións en illas como o arquipélago de Diego García, no Índico (*Toronto Star*, 04/07/05) e cárceres flutuantes, en barcos que nave-

gan, probablemente, polo Oceano Índico, “estruturas pequenas, con menos de unha decena de detidos”, segundo declarou Manfred Novak, Relator Especial da ONU para a Tortura, à axencia AFP en Viena o 28/06/05.

A maior parte deses estranxeiros foron detidos en Afganistán e no Iraq, mais outros moitos foron capturados ilegalmente en países como Tanzanía, Zámibia, Gambia, Malawi, Iemen, Indonésia, Macedonia, Bósnia, Xordania, Paquistán, Emiratos Árabes Unidos, Marrocos, Exipto, e mesmo Alemaña, Italia ou Suecia. Moitas veces con a cumplicidade dos respectivos gobernos.

Centos destas persoas detidas ilegalmente foron trasladadas en vooos secretos a países onde a tortura nos interrogatorios é sistemática, utilizando o espazo aéreo e os aeroportos de estados de todo o mundo, entre eles os de case todos os da Unión Europea. Cando esta práctica foi coñecida publicamente, a UE protestou e iniciou unha investigación sobre o asunto, o que motivou que o ex-secretario de Estado norte-americano, Colin Powell, en declaracións feitas o 17 de Decembro de 2005, calificase os gobernos europeos de “fariseus”, xa que –segundo el– “estaban ao corrente das operacións”.

“De feito, levamos anos facendo operación con persoas responsábeis ou sospeitosas de actividade terrorista, portanto iso que agora se chama *rendition* non é nada novo nen descoñecido dos meus amigos europeos.” (“Powell raps Europe on CIA flight”, BBC News Online, 17/12/05)

Afirmacións que a propia Condoleezza Rice habería de reiterar posteriormente.

CUMPLICIDADES

E xa antes, nun documento secreto intitulado *Nova Axenda Transatlántica*, elaborado a partir da reunión celebrada en Atenas o 22/01/03 entre os membros do Consello de Ministros de Xustiza e Interior da UE e representantes do Departamento de Xustiza de EEUU, explícita-se que os Estados europeos autorizan “o aumento do uso das instalacións de tránsito para contribuir ao regreso de criminais ou estranxeiros non admisíbeis” (www.voltairenet.org, 15/12/05). No documento establece-se así mesmo diversos compromisos para facer compatíbeis as lexislacións europeas con a *US Patriot Act*.

O relatório da Secretaría Xeral da Comisión Europea de 3 de Marzo de 2006 (www.coe.int) concluí que, de todos os estados da Unión, o único que ten lexislación axeitada para controlar as actuacións dos servizos secretos estranxeiros no seu territorio é Hungría, o que levou Terry Davis, Secretario Xeral da Comisión Europea, a manifestar

que “a maior parte de Europa parece ofrecer un excelente terreno de caza para os servizos secretos estranxeiros”.

Da investigación encargada polo Parlamento Europeo ao senador suízo Dyck Marty, que deu lugar ao Relatório de 22/01/06, e dos datos ofrecidos por ONGs como Amnistia Internacional (*Fora do radar: vóos secretos da CIA*), deduce-se que se realizaron perto de un milleiro destes vóos e que son 48 os estados implicados: Alemaña, EE.UU., Reino Unido, Irlanda, Xordania, Portugal, Marrocos, Chipre, Líbia, España, República Checa, Afganistán, Exipto, Iraqe, Uzbequistán, Emiratos Árabes Unidos, Canadá, Itália, Kuwait, Suíza, Grécia, Paquistán, Franza, Arxelia, Azerbaián, Bahrein, Israel, Países Baixos, Arábia Saudí, Estónia, Croacia, Yibuti, Fiji, Gambia, Macedonia, Malta, Noruega, Polonia, Qatar, Roménia, Turquía, Bélxica, Finlandia, Islândia, Xapón, Malásia, Rúsia e Tailândia.

A impresión que alguns Governos tentaron transmitir ao comezo deste debate –que Europa fora vítima de temas secretos da CIA- non parece corresponder à realidade. Xa non hai dúvidas –embora aínda falta muito para establecermos a verdade completa- que as autoridades de numerosos estados europeos colaboraron activamente con a CIA nestas accións ilegais. Outros países ignoraron- nas premeditadamente ou simplemente non quixeron coñecelas. (Relatório PE, p. 22)

NOVA FILOSOFIA

Cando o 7 de Novembro de 2005, en Panamá, George Bush fixo a súa rotunda declaración: “Nós non torturamos”, estaba a apenas uns quilómetros de distancia do lugar en que a Escola das Américas operou de 1946 a 1984. Nesta escola, actualmente en Fort Benning, no Estado de Georgia, os estudantes son treinados en “técnicas de interrogatorio forzado”, técnicas que despois son utilizadas en prisións como a de Abu Ghraib, Guantánamo e, mais intensamente aínda, nos centros secretos de detención.

Con diferenza a administracións anteriores, que mantiñan as súas operacións negras en segredo e negaban a utilización da tortura, o goberno de George Bush reclama o dereito a torturar sen vergoña e rexeita expresamente as Convencións de Xenebra sobre o tratamento debido às persoas detidas e a Convención das Nacións Unidas contra a Tortura, propugnando unha nova definición desta práctica infame, que só abranxerá os actos que “afecten irremediavelmente a integridade física dos prisioneiros” e pretendendo que se recoñeza a legalidade de calquer outro tipo de suplício, como consta nos relatórios xurídicos emitidos en Febreiro e Agosto de 2002 por Alberto Gonzáles, actual Attorney General (Ministro de Xustiza) de EE.UU.

A situación descrevida supón un salto cualitativo no socavamento das convencións internacionais de respecto aos dereitos humanos e da limitación do poder punitivo do estado. Pretende-se substituír a lexitimidade política dos

estados, que é esencialmente a tutela dos dereitos fundamentais dos cidadáns, por un poder selvaxe, alleo a toda limitación.

O LOBO ARTIFICIAL

Cando no século XVII Hobbes teorizava sobre un estado de natureza marcado pola guerra de todos contra todos (*bellum omnium*) e a necesidade do Leviatán para lle pór fin e garantir a paz e a vida dos homes (e mulleres) en virtude da renuncia de estes a súa natural e selvaxe liberdade, non podía alvísicar que, catro séculos mais tarde, a súa hipótese de traballo se fixese realidade, e que os estados, artificios criados polas persoas para tutelaren o seu dereito à vida, acabarian convertendo-se nunha sociedade internacional selvaxe que constitui precisamente o mais grande risco para a vida da persoas, atraizoando o compromiso con os seus povos, soberanía popular dos que os estados reciben a súa lexitimidade.

En definitiva, o que sucedeu, retomando a imaxe de Hobbes, foi que “este home artificial noso a que chamamos estado”, que naceu para domar e pór freo aos “homes lobo” que son os *homes naturais*, transformou-se nun *lobo artificial*, e estes lobos artificiais revelaron-se mais perigosos, selvaxes e incontrolábeis que os homes naturais que os criaran para confiar-se à súa tutela.

Por iso, neste momento, é preciso priorizar a luta contra a tortura e os maus tratos às persoas submetidas à custódia dos poderes públicos, como expoente máximo da negación de dignidade do ser humano, procurando o control da actuación dos estados e a prevención da aberración ética que supoñen tais prácticas.

E precisamente por iso, ESCULcA ven traballando na consecución dunha lexislación de acceso à información tanto no Estado español como no noso país, semellante a FOIA, a lei norteamericana de acceso a información pública, que serviu, por exemplo, a ACLU (*American Civil Liberties Union*) para desclasificar centos de documentos dos que tiraron boa parte dos datos publicados sobre os vóos secretos da CIA (Cfr.Boletín nº 11).

E tamén participa na *Coordinadora para a Prevención da Tortura*, que promoveu a ratificación polo Estado español do Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanos ou Degradantes das Nacións Unidas. Protocolo que entrou en vigor o pasado 22 de Xuño tras ser ratificado polo vixésimo país, e que establece un sistema irrestricto de visitas periódicas a lugares de detención por parte de expertos independentes.

Mais o lobo artificial pode ser domeñado con outro artifício, que é o dereito, mecanismo totalmente artificial fruto da evolución da civilización humana para superar a barbárie, manter a paz e garantir a vida e os dereitos fundamentais das persoas.

Con o fin de recoller e examinar as denuncias de abusos padecidos polas persoas prisioneiras nos cárceres de Guantánamo, Afeganistán e o Iraque, así como avaliar as medidas tomadas polo goberno Bush (se as houber) para castigar os torturadores e evitar a repetición destas prácticas, *Human Rights Watch*, *Human Rights First* e o *Center for Human Rights and Global Justice of NYU School of Law*, promoveron conxuntamente o DAA Project, proxecto de investigación cuxas conclusións preliminares presentan agora sob o título: *By the numbers. Findings of the Detainee Abuse and Accountability Project*.

Estas conclusións basean-se nos datos recollidos polos investigadores até o 10/04/06 e van acompañadas da descrición dun elevado número de casos individuais e testemuños directos.

No documento non se analiza a tortura practicada nos centros secretos de detención nen a padecida polas persoas entregadas ilegalmente a outros países.

CONCLUSIÓN PRELIMINARES

- Nestas prisións o abuso é unha práctica moi estendida. O Proxecto DAA documentou uns 330 casos en que persoal militar e civil estado-unidense tería torturado ou asasinado persoas detidas.

- Nestes casos están implicadas máis de 600 persoas (militares e civís) e afectan a uns 460 prisioneiros. Trátase de un cálculo conservador e moi probablemente inferior ao número real de casos de abuso e asasinato.

- Un mínimo de 570 destas persoas pertencen ao exército (o 95%), outras 10 à CIA ou outros servizos de intelixencia. As 20 restantes son civís contratados para prestaren servizos ao exército ou à CIA

- Apenas 54 militares –unha fracción ridícula das máis de 600 persoas implicadas– foron condenados por tribunais militares e destes só 40 foron condenados a penas de prisión.

- A maioría dos 330 casos de tortura comprobados tiveron lugar no Iraque (como mínimo 220 casos). En Afeganistán documentáronse uns 60 e en Guantánamo aproximadamente 50.

- As probas mostran que as institucións civís e militares non investigaron adecuadamente as numerosas denuncias recibidas. Dos centos de denuncias recollidas pola equipa do Proxecto DAA, apenas a metade parece ter sido devidamente investigada. En numerosos casos, os investigadores militares parecen ter concluído prematura-

mente as investigacións ou teren demorado desnecesariamente a súa resolución. Con frecuencia, o exército nen sequer abriu investigacións, mesmo no caso de as denuncias seren perfectamente verosímiles.

- A equipa do Proxecto DAA comprovou que das aproximadamente 400 persoas implicadas en casos investigados polas autoridades civís e militares, apenas un terzo foi obxecto de algunha medida disciplinar ou condena por actos criminais. E mesmo cando as investigacións militares puxeron a descoberto a comisión de abusos, os mandos preferiron aplicar medidas disciplinares leves antes que imputar os infractores.

- Cando, apesar de todo, os tribunais militares ditaron sentenza condenatoria, poucas veces esas sentenzas levaron os acusados a cumpriren penas de prisión prolongadas. Dos centos de persoas implicadas, só 10 foron condenadas a penas de máis de un ano de prisión.

- Nengun mando militar foi considerado responsable de actos criminais cometidos polos seus subordinados. A doutrina da responsabilidade do mando establece que un superior é responsable dos actos criminais dos seus subordinados se coñecendo, ou devendo coñecer, a comisión de un crime non tomou as medidas necesarias para o

ESQUEMA

TOTAL DE CASOS:	330
Persoas detidas por supostos abusos:	460
Persoas denunciadas:	600
Nº de casos non investigados: ou non resolvidos:	120
Nº de casos investigados	210
Persoas implicadas: (nestes casos)	410
Non imputadas por se ter fechado a investigación (ou se descoñecer o resultado)	260
Sancionadas (via administrativa ou outra)	57
Xulgadas	79
Pendentes de proceso ou libres de cargos	15
Sentenciadas	64
Absolvidas	10
Condenadas	54
Sen ingreso en prisión	14
Con ingreso en prisión	40
Menos dun ano	30
Máis dun ano	10

evitar e castigar os culpábeis. Apenas tres oficiais foron condenados por un tribunal militar por abuso a prisioneiros. Nos tres casos, a condena foi por abusos en que estes oficiais participaron directamente e non pola súa responsabilidade en condición de mandos.

- A CIA investigou numerosos casos de abusos en que estaban implicadas persoas ao seu servizo e comunicou –supostamente– alguns destes casos ao Ministerio de

Xustiza para que se procedese à imputación. Mais foron ben poucos os casos seriamente investigados.

- O Ministerio de Xustiza parece ter actuado con pouca dilixencia no caso de unhas 20 denuncias contra civís, algúns deles axentes da CIA, que debía investigar, mostrou nula capacidade para tomar a iniciativa en investigacións propias e non chegou a acusar nengun axente da CIA. Imputou un contratado civil.

ACESO À INFORMACIÓN: SUÉCIA

Desde 1766, ano en que foi promulgada a primeira lei que regulou este dereito en todo o mundo, a sociedade sueca pode acceder aos documentos oficiais dos organismos públicos.

Actualmente, a “Liberdade de información, ou sexa a liberdade de solicitar e recibir información, de acceder directamente a ela.” (Capítulo 2, Art. 1 do Instrumento de Goberno) está regulada por dúas normas: este Instrumento e a Lei de Liberdade de Información, onde se establece que “todas as persoas suecas (e residentes en Suécia) terán libre acceso aos documentos oficiais” (Cap.2,- Natureza Pública dos Documentos Oficiais).

Os organismos oficiais están obrigados a atender de inmediato todas as solicitudes de información, incluídas as anónimas, sen importar o meio através do cal estas solicitudes foren tramitadas. Para facilitar a localización dos documentos, a lei establece a obrigaçión de pór a disposición do público os índices dos rexistos de documentos oficiais dispoñíbeis. Desta feita, calquer persoa pode acceder facilmente, por exemplo, à correspondencia do Primeiro Ministro.

Porén, hai catro tipos de documentos que non é obrigatorio rexistar : documentos pouco importantes sobre actividades das autoridades; documentos non secretos que se arquivan de maneira que sexa fácil comprobar se as autoridades os receberam ou emitiron; os numerosos documentos clasificados como secretos pola normativa xeral; rexistos electrónicos dispoñíbeis noutros ministerios. É de salientar que non se consideran oficiais os documentos internos tais como rascuños, memorandos ou esquemas a menos que se arquiven e existen ou conteñan información importante para a adopción de decisións.

Así mesmo, a lei establece excepcións discrecionais relacionadas con a seguranza nacional, relacións exteriores, política fiscal, inspección e funcións de supervisión de cargos públicos, prevención do crime, interese económico público, protección da intimidade e preservación de especies animais ou vexetais.

A lei determina que documentos poden ser clasificados e durante canto tempo (entre 2 e 70 anos). Cando en Febreiro de 2005, o goberno clasificou a relación de persoas suecas mortas e desaparecidas a consecuencia do Sunami, para evitar que os seus domicilios pudesen ser obxecto de roubos, o Tribunal Supremo decretou a ilegalidade desta medida e a relación foi feita pública.

No caso de algun organismo público denegar acceso a documentos non clasificados, esta decisión pode ser recorrida nos tribunais ordinarios e, en última instancia, no Tribunal Supremo. Tamén poden ser apresentadas queixas perante o Valedor do Povo que ten competencias para investigar e emitir resolucións non vinculantes. Entre Xullo de 2004 e Xuño de 2005, o Ombudsman sueco recibeu 288 queixas relacionadas con o acceso à información e a liberdade de prensa das cais 90 foron obxecto de advertencias a diferentes organismos.

A lei de Datos Persoais establece o dereito de todas as persoas a acceder, e no seu caso corrixir, os datos que lles din respecto rexistados nos organismos públicos e privados.

* * *



Xaquín Marín

RUA REAL DA CORUÑA

O Grupo de Estranxeiros do Corpo Nacional de Policía da Coruña iniciou expediente sancionador de expulsión contra 14 dos 16 vendedores subsaarianos detidos o 29 de Agosto na Rua Real desta cidade tras unha operación policial unanimemente calificada de brutal polas persoas que a presenciaron. Segundo as testemuñas, os axentes –despois de bloquearen os extremos da rua- arremeteron contra os inmigrantes agredindo-os de maneira inxustificada.

No operativo participaron axentes uniformados e de paisano do Departamento de Delitos Económicos e a súa agresiva intervención saldou-se con varios vendedores ambulantes contusionados que tiveron de ser atendidos das súas lesións polos servizos médicos de unha ambulancia desloxada ao lugar dos feitos. Posteriormente, e despois de os axentes lles incautaren e inutilizaren a mercadoría, os vendedores foron conducidos a comisaría.

É importante salientar que os axentes actuaron contra estas persoas como se se tratase de capturar unha perigosa banda organizada, con un despregamento de medios e unha contundencia insólitos, en todo desproporcionados às circunstancias. Se a isto sumamos a manifesta falta de profesionalidade e experiencia que mostraron na súa actuación os axentes –ao que parece en período de prácticas³ - entenderemos a alarma e indignación que esta provocou entre os agredidos e as testemuñas da acción policial.

QUERELA CRIMINAL NA LAMA

O pasado día 1º de Setembro foi apresentada no Xulgado de Instrución de Pontevedra querela criminal contra varios funcionarios do cárcere da Lama por torturas e maus tratos a un interno, así como contra o Director do centro por non tomar medida nengunha apesar de ter sido informado do acontecido..

Os feitos tiveron lugar o 12 de Agosto à hora do almuerzo (entre as 8:15 e 9:30 horas) cando o interno se dirixía a desempeñar o seu traballo dentro do *office* da cadea. Nese momento un funcionario, coñecido como Don Javier, deu-lle orde de entrar no módulo de isolamento e alí o interno foi agredido por este e outros funcionarios, que lle propinaron golpes nas costas, pernas e cabeza producindo-lle contusións de diversa gravidade.

O día 15 de Agosto, o agredido remeteu instancia ao Xulgado de Guarda interpondo denuncia polo acontecido e solicitando a valoración de un médico forense sen, de

momento, ter recibido resposta algunha. Tampouco o Director do Centro respondeu aínda ao escrito que o interno lle dirixiu o mesmo día dos feitos.

Despois de abandonar o rexime de isolamento, o interno foi obrigado a trasladar-se de módulo, o que o prexudica gravemente non só levar xa 7 anos no módulo anterior senón tamén porque a mudanza lle supón a perda do posto de traballo remunerado que até ese momento tiña. Hai que ter en conta que este interno carece de apoio familiar no exterior do cárcere e o seu salario era a única fonte de ingresos.

DESDE O BERCE

O debate sobre a idade en que deben ser tomadas as primeiras impresións dixitais e as primeiras imaxes faciais continua en segredo no seo do Consello Europeo, informa Statewatch.

Portugal, Hungría e o Reino Unido estarían a favor da proposta da Presidencia do Consello que prevé o rexisto de imaxes faciais e impresións dixitais, dependendo da lexislación de cada estado, entre os 0 e 12 anos. A partir desa idade o rexisto e almacenamento destes sinais de identificación sería *obligatorio* (cursiva no orixinal) en todos os estados da UE.

Pola súa parte Alemaña mostra-se favorable a elevar a idade mínima até os 14 anos, en tanto que Suecia prefire rebaixar ese límite até o mínimo posible. Letonia e Francia inclinan-se por rexistar as impresións dixitais a partir dos 6 anos e as imaxes faciais desde o nacemento.

O estado español, mais radical, opta por unha solución drástica: “rexistar as impresións dixitais e as imaxes faciais de todas as persoas desde o nacemento”.

Fonte: www.statewatch.org

ACESO À INFORMACION MEIO-AMBIENTAL

Oito anos despois de o Estado español ter asinado o Convénio de Aarhus (25/06/1998), finalmente, o pasado 29 de Xuño, as Cortes aprobaron a Lei pola que se regulan os dereitos de acceso à información, de participación pública e de acceso à xustiza en materia de medio ambiente. O obxecto da lei é trasladar ao ordenamento xurídico español as disposicións deste Convénio, así como as Directivas 2003/3 e 2003/35.

Entre as principais novidades do texto, merecen ser salientadas o alargamento e mellora do concepto do que há de entender-se por “información en materia de medio ambiente”, a redución do prazo de que dispón a Adminis-

3 Este extremo non pudo ser confirmado por o Gabinete de Prensa da Xefatura de Policía da Coruña negar-se reiteradamente a facilitar información sobre este asunto (circunstancias dos axentes, número de lesionados, etc.).

tración para remeter a información solicitada (de dous meses a un mes), a ampliación das garantías de participación nos procedimentos de avaliación de impacto ambiental e de concesión da autorización ambiental integrada, a regulación do Consello Asesor de Meio ambiente con rango legal, o recoñecemento às organizacións ecoloxistas da capacidade de recorrer os actos que vulneraren a lexislación ambiental e o seu aceso à xustiza gratuita.

Ecoloxistas en Acción, que desde o primeiro momento participou activamente na redacción do texto legal, lamenta a falta de ambición à hora de recoñecer unha auténtica acción pública en materia de medio ambiente así como a articulación de novas medidas participativas que reforcen verdadeiramente a intervención cidadá nos procesos de tomada de decisións, ao tempo que recoñece os decididos avances e melloras que esta lei supón. .

Fonte: www.ecologistasenaccion.org

EXPULSIÓN DE TESTEMUÑAS

O artigo 57.6 da Lei de Estranxaria establece que “non poderán ser expulsadas as mulleres grávidas cando a medida poda supor un risco para a xestación ou para a saúde da nai”, encanto o artigo 153.5 do Regulamento estipula a obrigación de anular o internamento no momento de se coñecer que a expulsión non poderá ser executada.

Ora ben, estas eran precisamente as circunstancias da inmigrante retida no Centro de Internamento de Málaga que o pasado 2 de Agosto, debido ao evidente risco de aborto, non pudo declarar (testemuña nº 16) no caso seguido contra axentes de policía por supostos abusos a varias mulleres internas nese centro: legalmente a expulsión non podía ser executada e, en consecuencia, a muller non podía ser obrigada a permanecer retida no centro de internamento.

Mais non pareceu entendé-lo así o Sr. Hilario López Luna, subdelegado do Goberno en Málaga, quen, apesar de o risco para a xestación ser evidente (a muller abortou poucos días despois), non só non paralisou a orde de expulsión senón que retivo a inmigrante no Centro.

Por iso, varias organizacións andaluzas pediron a dimisión do Sr. López Luna, quen, con tan lamentábel actitude, non só vulnera os dereitos desta inmigrante senón que pode impedir que testemuñe no proceso que se segue contra os supostos autores de actos cuxa gravidade non é preciso subliñar.

Tamén peden estas asociacións a dimisión do Director Xeral da Policía de Málaga e do Director do centro “xa que está provado, polas declaracións das internas, as limpadoras e os propios axentes, que desde havia meses eran contínuas as festas en que se facía uso de preservativos e de álcool sen nengun tipo de supervisión nen control”

Convén non esquecer que xa foron repatriadas varias inmigrantes que irían testemuñar en contra dos pro-

cesados e que a súa ausencia pode ser decisiva para non se esclareceren nunca os feitos.

PERFIL RACIAL

Perfil racial en España: investigacións e recomendacións é o título de un amplo relatório que acaba de facer público o Grupo de Estudos y Alternativas 21 (Open Society-Justice Initiative). Trata-se de un interesante documento sobre as prácticas dos corpos de policía do Estado español en relación con o perfil étnico e racial das persoas e nel mostra-se como os axentes dos diferentes corpos tenden a orientar a súa actuación na rúa antes que polas normas establecidas nos diferentes protocolos policiais - que en xeral coñecen ben pouco- por aquilo que eles chaman “intuición”, “experiencia”, etc. . Isto é, a súa propia (e preconceituosa) percepción. Non admira que a proporción de persoas de perfil étnico e racial non maioritario no estado, leve con moito a peor parte tanto no que ao número de paradas, identificacións e cacheos di respeito, como ao tratamento que reciben dos axentes.

Pode ler-se o documento completo en www.ecln.org.

FONTES DE INFORMACIÓN E XUSTIZA USA

William Alsup, xuíz federal de San Francisco, decretou o pasado 1º de Agosto o ingreso en prisión do xornalista *freelance* Josh Wolf por “desacato ao tribunal”. O xornalista negara-se a entregar à policía vídeos gravados durante as manifestacións de San Francisco contra a cimeira do G8 en Escócia en Xuño de 2005. Segundo a policía as imaxes mostrarían o incendio intencionado de un vehículo de axentes federais

Josh Wolf negou ter imaxes máis precisas sobre o obxecto da investigación que as xa difundidas por varios medios áudio-visuais e lembrou o principio segundo o cal, no estado de California, nengun xornalista está obrigado a divulgar as súas fontes por a lexislación deste estado establecer que os comunicadores sociais teñen dereito a preservar a confidencialidade das súas fontes informativas, as súas notas e os seus arquivos persoais ou profesionais.

Mais o xuíz William Alsup, despois de afirmar non ser a súa intención atacar a confidencialidade das fontes, considerou que a negativa do xornalista constituía desacato ao tribunal por a necesidade do goberno de acceder a eses vídeos ser, na súa opinión, máis importante que as proteccións constitucionais e por non existir unha lei de ámbito federal que exonere os xornalistas de colaboraren na investigación de un “grande xuíri”.

Vácuo legal que deixa desprotexido Johh Wolf xa que, aproveitando que o vehículo queimado pertencía ás forzas de seguranza federais, o caso foi entregado à xustiza federal.

* * *

ACESO À INFORMACIÓN NA BULGÁRIA

En 2000, a Bulgária aprovou a súa Lei de acceso à información pública, na secüencia de unha recomendación realizada polo seu Tribunal Constitucional en 1996, relativamente ao dereito de todas as persoas procuraren, receberen e emitiren información, recoñecido no artigo 41 da Constitución búlgara.

Contrariamente ao que acontece no dereito de outros países (só 66 estados en todo o mundo dispoñen de lexislación nesta matéria), a Lei búlgara non estableceu unha organización independente para a vixilancia da súa aplicación. Por tal motivo, resulta muito importante a práctica dos tribunais na implementación da Lei.

O libro *Access to information. Litigation in Bulgaria (selected cases, volume 3)* recolle unha escolma de casos xulgados por tribunais búlgaros da xurisdición contencioso-administrativa durante os anos 2004 e 2005, en primeira instancia e apelación e asistidos polos advogados do Programa de Acceso à Información (www.aip-bg.org), unha fundación que promove o dereito de acceso à información e a transparencia administrativa e que é igualmente a editora do volume.

Boa parte dos litixios sobre acceso à información recollidos no libro dicen respecto a contratos realizados entre o estado e grandes empresas privadas, como a Microsoft ou a Trakia Highway. As sentenzas avalian a posibilidade de aplicar as excepcións ao acceso à información previstas na propia Lei, tais como o segredo de estado, o sixilo comercial ou a protección a terceiras partes. Por outra parte, o interese público é determinado en ocasións non apenas por causa dos fondos públicos envolvidos, mais tamén atendendo a outros dereitos, como o dereito a un meio natural saudábel ou o dereito a participar nos asuntos públicos. Outros contenciosos tratan sobre denegacións de acceso a relatórios ou inquéritos oficiais, tais como estudos de impacto ambiental ou proxectos de infraestruturas. Con frecuencia, a resposta da Administración é que os documentos non existen, desapareceron ou foron criados sob circunstancias cuestionábeis.

En resumo, esta colección de casos ofrece un exemplo de como nun país como Bulgária, que a 1 de Xaneiro de 2007 entrará na Unión Europea, os litixios sobre acceso à información constituen un elemento non só de transparencia administrativa e prevención da corrupción mais tamén de participación informada nos asuntos públicos, o que é um claro indicador do nivel de democracia de un país.

Access to information litigation in Bulgaria (selected cases, volume 3)

Alexander Kashumov e Kiril Terziiski
Access to Information Programme
Sofia, 2005

S	APRESENTACIÓN	1 ...
U	ESCALA	2 ...
M	ANÁLISES E RELATÓRIOS	3 ...
A	DOCUMENTOS	12 ...
R	NOTÍCIAS	14...
I	BIBLIOTECA	16...

C		
O		
L		
A		
B		
O		
R	Pedro Bouso Cedrón	
	Justo G. Beramendi	
	José Ángel Brandariz	
	Tony Bunyan	
A	Pepe Carreiro	
	Marc Carrillo	
N	Xoan Cons	
	Gustavo García	
	Pablo González Mariñas	
	Ben Hayes	
	Manuel Janeiro	
	Héctor López de Castro	
	Celso López-Pazos	
	Ramom López-Suevos	
	Gustavo Luca de Tena	
	Xaquín Marín	
	Fernando M. Randulfe	
	Miguel Anxo Murado García	
	Guillermo Presa	
	Anxo Quintela	
	X. A. Ramos	
	Elvira Souto	
	Vítor Vaqueiro	
	Valeiras	
	Suso Sanmartin	